

# Plan Estratéxico Ponte 2021-2022

## Facultade de Xeografía e Historia

---

Plan Estratéxico Ponte

Facultade de Xeografía e Historia

Aprobado pola Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Centro

en 14 de xaneiro de 2021

Revistado pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos

## 0. Presentación

A Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago fundouse no ano 1974, aínda que ten a súa orixe na Facultade de Filosofía e Letras que se remonta ao no ano 1922. Atópase situada no edificio histórico da Universidade, no corazón da Cidade Monumental compostelá.

Actualmente acolle estudos conducentes ás seguintes titulacións:

- Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ª edición)
- Grao en Historia.
- Grao en Historia da Arte.
- Máster Oficial Interuniversitario en Historia Contemporánea (2ª edición).
- Máster Oficial Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (3ª edición).
- Máster Oficial Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.
- Máster Oficial Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte.
- Master Oficial Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII.

A Facultade está estruturada en tres departamentos: o Departamento de Xeografía, o Departamento de Historia e o Departamento de Historia da Arte, que conteñen catorce áreas de coñecemento nas que traballa o persoal docente e investigador do centro.

O Centro acolle a máis de 1.000 estudantes dos tres graos, entre 110 e 120 estudantes de máster e unha cifra que oscila entre os 250 e 300 estudantes de doutoramento.

A Facultade de Xeografía e Historia é tamén un centro de investigación punteiro en humanidades e ciencias sociais. Editamos catro revistas e temos vixentes trinta e un proxectos competitivos de convocatoria pública. Entre outras estruturas de investigación, destacan catro grupos de referencia competitiva e sete de potencial crecemento.

Entre os recursos de docencia e investigación máis salientables do Centro, convén sinalar a Biblioteca. Ten unha infraestrutura de 447 postos de lectura e atópase nutrida por 137.848 monografías, outro material non librario (microfilmes, dvds, mapas ...) 4.473; e publicacións periódicas 3.186. Está en constante renovación e dixitalización, ofrecendo múltiples servizos aos usuarios.

O edificio da Facultade de Xeografía e Historia reúne, malia tratarse dun edificio histórico, as condicións adecuadas para o desenvolvemento dos títulos que nela se imparten. É esta condición de inmovible histórico o que leva a limitar as accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase analizando o plan director para a súa rehabilitación e xestión integral.

O edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espazos e as diferenzas de accesibilidade.

O edificio dispón de 19 aulas e 8 seminarios (<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/infraestructuras.html>).

Todos eles están dotados de sistemas de videoconferencia multipunto, ordenador e canons de proxección múltiple, proxección dixital, conexión a internet e conexión wifi. Así mesmo cóntase cun laboratorio, un aula de Cartografía, dúas aulas de informática (57 postos), un laboratorio técnico de prehistoria, un aula do Master en Historia Contemporánea. Todas estas instalacións complementáanse coa existencia de salas de traballo en grupo e de traballo individual.

### 1. Forzas, oportunidades, debilidades e ameazas

Presentamos, a continuación, os elementos que consideramos que constitúen os puntos fortes que posúe o Centro para o desenvolvemento das súas actividades docentes e investigadoras, así como desde o punto de vista do seu servizo á comunidade.

Tamén faremos referencia ás oportunidades, é dicir, os elementos que nun sentido positivo poden ser aproveitados tendo en conta as fortalezas referidas.

A continuación, no que respecta ás debilidades, terase en conta aquilo que constitúen elementos negativos que afectan ao Centro e ao seu persoal no desenvolvemento das súas funcións, e que nese sentido, serán obxecto de atención para ser corrixidas.

E finalmente, incluiremos un apartado para referir os elementos que potencialmente poden supoñer unha ameaza para o Centro, interna e externamente, e que polo tanto deben de ser obxecto de especial prevención.

#### **Forzas**

- ✓ Capital simbólico. Centro emblemático da Universidade de Santiago de Compostela (sede histórica, situada no corazón da cidade monumental), con espazos exteriores (fachada, monumentalidade do inmobile) e interiores (Biblioteca, Paraninfo, Claustro...) de singular atractivo.
- ✓ Equipamento docente e investigador. Ampla dispoñibilidade de espazos de docencia, ben dotados con recursos multimedia. Biblioteca excelente, cunha notable dotación de fondos e numerosos postos de estudo e investigación.
- ✓ Recursos humanos. Elevada porcentaxe de profesorado ben cualificado (doutor e con dedicación a tempo completo), estable ou en procesos de estabilización. Relevante número de

investigadores postdoutorais con contratos altamente competitivos e contratados predoutorais en formación.

- ✓ PAS con dedicación a tempo completo, elevada experiencia e nivel de implicación e, maioritariamente, estable.
- ✓ Alumnado implicado, maioritariamente vocacional e que entra nas titulacións impartidas no centro como primeira opción. Matrícula estable e diversificada na oferta formativa do Centro.
- ✓ Diversidade e calidade dos títulos ofertados: graos, mestrados, programas de doutoramento. Todos acreditados e con diversas mencións de calidade.
- ✓ Existencia de potentes grupos de investigación (de referencia competitiva e de potencial de crecemento). Xestión de gran cantidade de proxectos competitivos e contratos de investigación.

### **Oportunidades**

- Existencia dun marco (Plan Director) para levar adiante unha reforma integral do Centro e dos seus espazos que multipliquen as súas potencialidades.
- Explotación dos diferentes cursos formativos ofertados pola propia Universidade e os seus servizos (sinaladamente a Biblioteca) para desenvolver plenamente as posibilidades docentes e de innovación didáctica, con especial atención á dimensión multimedia.
- Capacidade de transferencia de coñecementos entre o persoal sénior e o novel, aproveitando todos os recursos que proporciona a experiencia para completar a formación dos que están chegando. Existencia de novas perspectivas e achegas que proporcionan a diversidade de perfís de acceso ao PDI existente.
- Complementariedade e eficacia no desenvolvemento das tarefas dos PAS, combinando a especialización de funcións no

desempeño dalgunhas actividades coa necesaria coordinación das unidades de xestión de centros.

- Amplas posibilidades de implicación do estudiantado nas actividades docentes e investigadoras, así como todas as que teñan que ver coa extensión cultural. Potencial asociativo e de creación de redes entre estudantes e egresados.
- Potencialidade de complementariedade entre os títulos ofertadas atendendo á súa variedade e diversidade. Capacidade de cubrir dun xeito amplo as expectativas formativas dos potenciais estudantes tanto a nivel nacional como internacional.
- Posibilidade de sinerxías entre os diversos grupos de investigación existentes no Centro no ámbito das humanidades e ciencias sociais, así como en relación cos proxectos, contratos e centros de investigación como o Centro de Investigación Singular das Paisaxes Atlánticas.

### **Debilidades**

- Problemas co avellentamento do inmoible en despachos, aulas e espazos comúns. Deficiencias na compartimentación dos espazos e falta de racionalidade dos seus usos. Falta de ventilación e/ou iluminación.
- Escasa participación nos cursos formativos e de innovación docente tanto entre PDI como no estudiantado. Limitada capacidade de introducir os recursos formativos ofertados na actividade docente e investigadora.
- Elevada idade media do PDI da Facultade e limitada renovación xeracional (taxas de reposición e falta de financiamento).
- Escasa participación do PAS nos órganos colexiados da Facultade.

- Escasa participación do estudantado nos órganos colexiados da Facultade e limitacións na información e de comunicación bidireccional estudantado-Centro. Falta de proxección internacional da oferta formativa.
- Insuficiente coordinación no desenvolvemento da oferta formativa do Centro: solapamentos, competencia interna e limitada modularidade entre os títulos ofertados.
- Descompensación entre a actividade docente e investigadora: falta de sistematicidade nas sinerxías entre ambas e limitada visibilidade como elementos residentes no Centro dos propios grupos de investigación e proxectos.

### **Ameazas**

- Problemas estruturais no inmobile por falta de reforma e de mantemento.
- Obsolescencia da oferta formativa e falta de adecuación aos retos da sociedade da información e do coñecemento.
- Xubilacións masivas sen reposición e falta de financiamento para estabilizar ao PDI novel.
- Perda de interese e motivación entre o PAS da Facultade.
- Baixada de matrícula por falta de atractivo na oferta formativa e busca de alternativas (outras facultades nacionais ou internacionais, formación online).
- Baixada da taxa de inserción laboral por falta de adecuación da oferta formativa á realidade social existente.
- Perda de diversidade, competitividade e calidade dos grupos de investigación existentes polas actual política científica.

## 2. Accións de mellora

Tomando en consideración a análise efectuada no punto 1, a continuación sinálanse 16 accións de mellora propostas que constitúen o fío condutor deste Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Xeografía e Historia para o ano 2021-2022.

As accións están concibidas tendo en conta as orientacións da Programación Plurianual da Universidade anos 2019-2022 e recolle accións referidas a cada unha das liñas estratéxicas que alí se definen. A continuación sinala uns obxectivos estratéxicos que se derivan desas liñas e que se expresan nunha serie de accións estratéxicas que son as que conforman finalmente as accións de mellora propostas.

| Liñas estratéxicas |  |
|--------------------|--|
| 1                  | Centrar a atención no estudantado          |
| 2                  | Comprometerse co persoal                   |
| 3                  | Poñerse ao servizo da sociedade            |
| 4                  | Situar o coñecemento da USC na vangarda    |
| 5                  | Proxectar a USC polo mundo                 |
| 6                  | Xestionar os recursos de forma intelixente |



|   |
|---|
| <b>Liña Estratégica 1</b>   |
| 1.1 Fomentar a dimensión integral da educación                                |
| 1.2 Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudiantado |
| 1.3 Transformar o modelo de xestión da calidade                               |
| <b>Liña Estratégica 2</b>   |
| 2.1 Desenvolver un programa de formación do persoal                           |
| <b>Liña Estratégica 3</b>   |
| 3.1 Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos                      |
| 3.2 Elaborar unha nova política de comunicación e de imaxe institucional      |
| <b>Liña Estratégica 4</b>   |
| 4.1 Adecuar a oferta de prazas nas titulacións ás necesidades sociais         |
| 4.2 Elaborar un plan de captación e retención de talento investigador         |
| <b>Liña Estratégica 5</b>   |
| 5.1 Internacionalización da oferta docente da USC                             |
| 5.2 Potenciar a comunicación da USC cara o exterior                           |
| <b>Liña Estratégica 6</b>   |
| 6.1 Optimizar o uso das infraestruturas                                       |

| Liña Estratégica 1                             |  |
|--|--|
| 1.1 Fomentar a dimensión integral da educación |  |

| Obxectivos estratégicos |  |
|-------------------------|--|
| 1.1.1                   | Promover os comportamentos éticos no desenvolvemento profesional |

| Obxectivo estratégico 1.1.1 |  |
|-----------------------------|--|
| Accións estratégicas        |  |
| A1                          | Integración dos conceptos relativos á propiedade intelectual no desenvolvemento dos Traballos de curso, TFG e TFM. Consistirá na programación de cursos semestrais dirixidos ao alumnado e profesorado |

| Obxectivos estratégicos |  |
|-------------------------|--|
| 1.1.2                   | Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais |

| Obxectivo estratégico 1.1.2 |   |
|-----------------------------|---|
| Accións estratégicas        |   |
| A2                          | Deseño e desenvolvemento dun programa de orientación laboral para o alumnado de último curso de grao. |

| Obxectivos estratégicos |   |
|-------------------------|---|
| 1.1.3                   | Consolidar as metodoloxías innovadoras, como a aprendizaxe-servizo, orientando as aprendizaxes a dar solución a problemas sociais |

| Obxectivo estratégico 1.1.3 |  |
|-----------------------------|--|
| Accións estratégicas        |  |
| A3                          | Promover a realización de programas piloto coa metodoloxía aprendizaxe-servizo no marco das titulacións das que son responsables, en coordinación coa Vicerreitoría responsable de acción da USC |

| Liña Estratégica 1  |  |
|---|--|
| 1.2 Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudiantado |  |

| Obxectivos estratéxicos |  |
|-------------------------|--|
| 1.2.1                   | Facilitar a comunicación da Universidade do estudiantado |
|                         |  |

| Obxectivo estratéxico 1.2.1 |   |
|-----------------------------|---|
| Accións estratéxicas        |   |
| A4                          | En coordinación coas Vicerreitorías responsables, intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudiantado a través das redes sociais. |

| Liña Estratégica 1                              |  |
|---|--|
| 1.3 Transformar o modelo de xestión da calidade |  |

| Obxectivos estratéxicos |   |
|-------------------------|---|
| 1.3.1                   | Poñer a mellora do proceso docente no centro da xestión da calidade, alixeirando a carga administrativa e simplificando a xestión dos procedementos |

| Obxectivo estratéxico 1.3.1 |  |
|-----------------------------|--|
| Accións estratéxicas        |  |
| A5                          | Continuación do proceso de acreditación institucional de centros co obxecto de reducir a carga de traballo dos procesos de seguimento e acreditación dos títulos |

| Obxectivo estratéxico 1.3.1 |   |
|-----------------------------|---|
| Accións estratéxicas        |   |
| A6                          | Racionalización dos procedementos e indicadores de seguimento máis acaídos ao proceso de mellora continua |

| Liña Estratégica 2                                  |  |
|---|--|
| 2.1 Desenvolver un programa de formación do persoal |  |

| Obxectivos estratégicos |   |
|-------------------------|---|
| 2.1.1                   | Definir os contidos do programa de formación e innovación docente para incluír a formación noutros eidos da actividade do PDI |

| Obxectivo estratégico 2.1.1 |  |
|-----------------------------|--|
| Accións estratégicas        |  |
| A7                          | Impulsar iniciativas de mentorización entre o PDI na docencia e na xestión no ámbito do centro, en coordinación coa Vicerreitoría responsable da acción na USC |

| Obxectivo estratégico 2.1.1 |  |
|-----------------------------|--|
| Accións estratégicas        |  |
| A8                          | Impulsar iniciativas de actualización en competencias dixitais entre o PDI na docencia e na xestión no ámbito do centro. |

| Liña Estratégica 3                                       |  |
|--|--|
| 3.1 Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos |  |

| Obxectivos estratégicos |  |
|-------------------------|--|
| 3.1.1                   | Potenciar o papel da USC como axente dinamizador da lingua galega na sociedade |

| Obxectivo estratégico 3.1.1 |   |
|-----------------------------|---|
| Accións estratégicas        |   |
| A9                          | Fomento do uso e do prestixio da lingua galega na sociedade. Impulso dos premios e actividades que leven consigo o emprego do galego. |

| Liña Estratégica 3   |  |
|--|--|
| 3.2 Elaborar unha nova política de comunicación e de imaxe institucional |  |

| Obxectivos estratégicos |   |
|-------------------------|---|
| 3.2.1                   | Dotarse dun plan de comunicación interna e externa da USC |

| Obxectivo estratégico 3.1.1 |   |
|-----------------------------|---|
| Accións estratégicas        |   |
| A10                         | Elaboración dun plan de comunicación que sirva de guía para a xestión da comunicación interna e externa |

| Liña Estratégica 4  |  |
|---|--|
| 4.1 Adecuar a oferta de prazas nas titulacións ás necesidades sociais |  |

| Obxectivos estratégicos |   |
|-------------------------|---|
| 4.1.1                   | Definir o mapa estratégico de oferta de prazas nas diferentes titulacións |

| Obxectivo estratégico 4.1.1 |  |
|-----------------------------|--|
| Accións estratégicas        |  |
| A11                         | Definir un mapa estratégico de titulacións do centro, co establecemento de criterios e prioridades, para facilitar á Vicerreitoría con responsabilidades na materia a toma de decisións institucionais ao respecto |

| Liña Estratégica 4  |  |
|---|--|
| 4.2 Elaborar un plan de captación e retención de talento investigador |  |

| Obxectivos estratégicos |   |
|-------------------------|---|
| 4.2.1                   | Atraer e reter talento investigador   |
| 4.2.3                   | Orientar á captación ás áreas da Universidade con necesidades docentes e investigadoras |

| Obxectivo estratégico 4.2.1 |  |
|-----------------------------|--|
| Accións estratégicas        |  |
| A12                         | Definición de políticas de acompañamento ao persoal investigador contratados dentro da iniciativa do Selo Europeo HRS4R ( <i>mentoring</i> , apoio á labor investigadora e carreira científica, etc. ) |

| Liña Estratégica 5                                |  |
|---|--|
| 5.1 Internacionalización da oferta docente da USC |  |

| Obxectivos estratégicos |  |
|-------------------------|--|
| 5.1.1                   | Deseñar unha oferta de calidade e máis atractiva para estudiantado internacional |
|                         |  |

| Obxectivo estratégico 5.1.1 |  |
|-----------------------------|--|
| Accións estratégicas        |  |
| A13                         | Incremento da oferta académica en lingua inglesa |

| Obxectivos estratégicos |  |
|-------------------------|--|
| 5.1.2                   | Promover titulacións dobres ou conxuntas con institucións estratégicas que teñan carácter estratégico para a USC |
|                         |  |

| Obxectivo estratégico 5.2.1 |   |
|-----------------------------|---|
| Accións estratégicas        |   |
| A14                         | Elaborar un mapa relacional das universidades estranxeiras coas que se manteñen relacións académicas que permita coñecer o potencial do centro na creación de titulacións compartidas |
|                             |   |

| Liña Estratégica 5                                  |  |
|---|--|
| 5.2 Potenciar a comunicación da USC cara o exterior |  |

| Obxectivos estratégicos |  |
|-------------------------|--|
| 5.2.1                   | Mellorar o coñecemento a nivel internacional da Universidade |
|                         |  |

| Obxectivo estratégico 5.3.1 |   |
|-----------------------------|---|
| Accións estratégicas        |   |
| A15                         | Potenciación da presenza internacional en redes sociais |

| Liña Estratégica 6                      |  |
|---|--|
| 6.1 Optimizar o uso das infraestruturas |  |

| Obxectivos estratégicos |   |
|-------------------------|---|
| 6.1.1                   | Elaboración e aprobación dun plan de ordenación e xestión das infraestruturas |
|                         |   |

| Obxectivo estratégico 6.1.1 |   |
|-----------------------------|---|
| Accións estratégicas        |   |
| A16                         | Analizar e propoñer accións respecto as necesidades de ordenación e xestión de infraestruturas a aportar á Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das Infraestruturas |